

OBXECTIVOS:

O curso pretende actualizar e afondar nos coñecementos das alteracións cognitivas, condutuais, emocionais e volitivas en pacientes con diagnóstico de enfermidade de Parkinson (EP non sucesivo). As persoas asistentes adquirirán coñecementos prácticos sobre a avaliación desta problemática.

METODOLOXÍA:

- Ten unha orientación clínica, polo que farase énfase nos aspectos prácticos e na exposición e debate de casos. Incentivarase o debate a partir dos casos clínicos. Para un axeitado aproveitamento do curso, os e as asistentes deberán ter experiencia previa en avaliación neuropsicolóxica.
- Exposición teórica en formato Power Point por parte da docente da parte 1 dos contidos: actualizacións nas achegas da avaliación neuropsicolóxica en enfermidade de Parkinson.
- Exposición de casos clínicos reais, desenvolvéndose os fundamentos teóricos e prácticos da avaliación neuropsicolóxica en pacientes con EP idiopática con e sen demencia.
- Supervisión e resolución de dúbidas dos e das asistentes por parte da docente tanto na parte teórica como na sesión práctica.

DOCENTE:

VANESSA VILAS RIORTORTO, C-25946

Psicóloga Clínica na Sección de Psicoloxía Clínica da Saúde do Servizo de Psiquiatría e Psicoloxía do Hospital Clínic de Barcelona. Experta acreditada en neuropsicoloxía clínica pola CNAP do Consejo General de la Psicología. Profesora asociada clínica da Facultade de Psicoloxía da Universidad de Barcelona. Integrante do Grupo de Investigación Neurociencia Cognitiva e Aplicada e Psicoxerontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela como investigadora en formación e perfeccionamento (Etapa de Tese no Programa Oficial de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica da USC). Investigadora principal do Grupo de Investigación DESCIFRA (Grupo de Investigación en Disfunción Estriatal e Circuitos Frontais Asociados). Socia da Federación de Asociacións de Neuropsicoloxía de España (FANPSE) na Sociedade Galega de Neuropsicoloxía e na Sociedad Catalana de Neuropsicología. Vicepresidenta da Asociación Nacional de Psicólogos Clínicos e Residentes (ANPIR) e coordinadora do seu Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía Clínica. Anteriormente coordinadora do Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.



CURSO “ACTUALIZACIÓN EN AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓXICA EN PACIENTES CON DIAGNÓSTICO EN ENFERMIDADE DE PARKINSON”

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do *Sistema Nacional de Salud*



Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983

copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

Docente:

Vanessa Vilas Riotorto, C-25946

Organiza:

**Sección de Psicoloxía e Saúde do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**

Coordinador:

Carlos José Losada López, G-4792

■ **DURACIÓN:**

12 horas.

■ **DATAS:**

28 e 29 de febreiro de 2020.

■ **LUGAR:**

Salón de Actos - Planta Sótano, Hospital Marítimo de Oza (As Xubias, s/n. 15006 A Coruña).

■ **Nº DE PRAZAS:**

30.

■ **HORARIO:**

Venres de 16:00 a 20:00 horas e Sábado de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

■ **PREZOS:**

Psicólogos/ as Colexiados/as: 74,00 €

Psicólogos/as Colexiados/as socios/as da Sección de Psicoloxía e Saúde: 37,00 €

Psicólogos/as Colexiados/as demandantes de emprego e estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía e Máster en Psicoloxía: 37,00 €

Psicólogos/as non Colexiados/as e outros profesionais: 148,00 €

*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para Colexiados e Colexiadas Desempregadas. Bases no seguinte enlace: https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_ formacion_para_ Colexiados_e_ Colexiadas.pdf

■ **INSCRICIÓN:**

Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia do boletín de inscrición xunto co xustificante de ter realizado transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envialas cando se empregue ese medio, tendo preferencia as persoas que teñan experiencia en neuropsicoloxía.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos Colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunícase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a actividade entregarase o correspondente cer-

tificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas Colexiais: Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a **tarxeta de demandante de emprego**. Os e as estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía ou Máster en Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non Colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: **18 de febreiro de 2020**

PROGRAMA:

Venres, 28 de febreiro de 2019:

De 16:00 a 20:00 horas:

1. Conceptos básicos sobre EP idiopática: aspectos clínicos e diagnósticos.
2. Deterioro cognitivo leve en EP: definición, prevalencia e aspectos clínicos.
3. Enfermidade de Parkinson e demencia con corpos de Lewy.

Descanso

4. Diagnóstico diferencial: outros parkinsonismos.
5. Concepto de enfermidade de Parkinson avanzada e avaliación neuropsicolóxica en pacientes con EP avanzada candidatos a terapias avanzadas.

Sábado, 29 de febreiro de 2019:

De 10:00 a 14:00 horas:

1. Avaliación neuropsicolóxica das principais áreas cognitivas e as súas alteracións en persoas con EP.
 - a. Percepción.
 - b. Atención e función executivas.
 - c. Aprendizaxe e memoria.
 - d. Linguaxe.
2. Avaliación neuropsicolóxica dos aspectos emocionais e condutuais en EP: impulsividade, depresión e apatía.

Descanso

3. Psicose e EP: importancia do diagnóstico diferencial.
4. Fatiga en EP.
5. Avaliación funcional e calidade de vida.

De 16:00 a 20:00 horas:

Exercicios prácticos e dinámicas grupais a partir de casos clínicos.

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

CURSO “ACTUALIZACIÓN EN AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓXICA EN PACIENTES CON DIAGNÓSTICO EN ENFERMIDADE DE PARKINSON”

NOME E APELIDOS D.N.I.

TFNO. Nº DE COLEXIADO/A

ENDEREZO CIDADE E C.P.

PROFESIÓN CENTRO DE TRABAJO DATA

Actividade específica realizada: Socio/a da Sección de Psicoloxía e Saúde Solicito factura

XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA Á CONTA CORRENTE IBAN Nº ES64-2080-0316-2330-4000-8164 DE ABANCA

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos Informámoslle que tratamos a información que nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conservaremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web www.copgalicia.gal